

CIRCULAR 185-2024.

CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE CAMPO A TRAVÉS INDIVIDUAL E DE CLUBS ABSOLUTO, SUB 23, SUB 20, SUB 18 E SUB 16.

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza, o 4 de xaneiro e coa colaboración do Concello da Rúa, o Campionato Xunta de Galicia de Campo a Través individual e de clubs Absoluto, Sub 23, Sub 20, Sub 18 e Sub 16 masculino e feminino. [Ligazón á localización.](#)

- O cto. de clubs será clasificatorio para o Cto. de España de Campo a Través por Clubs 2025.

Art.2).- Participación nos Campionatos

- Campionatos individuais

- o Poderán participar atletas das categorías Sub 16 e superiores que teñan licenza en vigor pola FGA.

- Campionatos por equipos

- o Poderán participar atletas das categorías Sub 16 e superiores que teñan licenza en vigor por algún club de Galicia.
- o Cada club poderá participar cun número ilimitado de corredores, puntuando para a clasificación final cun equipo por categoría e sexo.
- o Na carreira absoluta poderán participar atletas Sub 23, Sénior e Máster.
 - Os/as Sub 23 que formen parte do equipo absoluto non poderán ser parte do equipo Sub 23.
- o Na carreira Sub 20 poderán participar atletas Sub 18 e Sub 20.
 - Os/as Sub 18 que formen parte do equipo Sub 20 non poderán ser parte do equipo Sub 18.
- o Limitacións de atletas estranxeiros e de clubs asociados:

Nº Máximo de Participacións por Club	
Asociados	Estranxeiros
1	2*

* Non contabilizan atletas das categorías Sub 16, Sub 18 e Sub 20.

* Aqueles clubs que teñan máis de 2 atletas estranxeiros que queiran participar, deberán indicar os 2 que forman parte do equipo, participando os restantes, unicamente, no campionato individual.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> con límite ata o luns 30 de decembro ás 20:00.

- Os/as atletas Sub 23 que queiran puntuar co equipo absoluto deberán indicar "absoluta" no campo observacións. De non realizarse ningunha indicación, puntuarán na categoría Sub 23.
- Os/as atletas Sub 18 que queiran puntuar co equipo Sub 20 deberán indicar "S20" no campo observacións. De non realizarse ningunha indicación, puntuarán na categoría Sub 18.



Art.4).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.5).- Cámara de chamadas

- Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto antes do peche da mesma. De non ser así, non poderá participar salvo causa xustificada e aceptada polo xuíz árbitro da competición.
- Deberán acceder á vez tódolos integrantes do equipo.
- Os atletas deberán saír á zona de competición coa camiseta e o dorsal posto. A uniformidade, para aqueles atletas asociados que representen ao seu club principal, será a deste último.
- Peche da cámara de chamadas → 10' antes da proba.

Art.6).- Todos os atletas dun mesmo club sairán do mesmo caixón. A orde de colocación dos equipos na saída establecerase por sorteo.

Art.7).- Horario (poderá ser modificado en función das inscricións)

APERTURA CÁMARA CHAMADAS	PECHE CÁMARA CHAMADAS	HORA SAÍDA	CATEGORÍA	DISTANCIA	VOLTAS	PECHE CONTROL*
10:20	10:35	10:45	Sub 16 M	4000 aprox	1 P + 2 G	26 min*
10:48	11:03	11:13	Sub 16 H	4000 aprox	1 P + 2 G	24 min*
11:14	11:29	11:39	Sub 18-20 M	5200 aprox	3 G	32 min*
11:48	12:03	12:13	Sub 18-20 H	5200 aprox	3 G	28 min*
12:18	12:33	12:43	Abs e Sub 23 M	8600 aprox	5 G	53 min*
13:13	13:28	13:38	Abs e Sub 23 H	8600 aprox	5 G	48 min*

*Pechase o control de chegada unha vez cumprido o tempo determinado para cada carreira.



Art.8).- Sistema de clasificación por clubs:

- Confeccionarase, para cada categoría, unha listaxe por orde de chegada, conformada polas ó primeiras persoas que cheguen a meta de cada equipo e excluindo deste a aquelas persoas cuxos equipos non cheguen a meta con 4 integrantes.
- Atribuíráselle a cada atleta un número de puntos coincidente co posto que ocupe segundo a citada listaxe.
- A puntuación do equipo obterase pola suma de puntos dos 4 mellores clasificados/as de cada equipo.
- Proclamarase vencedor o equipo que obteña o menor número de puntos.
- Os empates a puntos resolveranse a favor do equipo cuxo cuarto/a atleta teña finalizado máis preto do gañador/a da proba.

Art.9).- Entrega de premios:

- Os/as tres primeiros/as atletas Absolutos e das categorías Sub 16, Sub 18, Sub 20 e Sub 23, recibirán unha medalla conmemorativa do Campionato.
- Os/as tres primeiros/as equipos Absolutos e das categorías Sub 16, Sub 18, Sub 20 e Sub 23, recibirán un trofeo conmemorativa do Campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de entrega de premios.

HORA ENTREGA	CATEGORÍA
11:45	Sub 16 M
12:15	Sub 16 H
12:50	Sub 18-20 M

HORA ENTREGA	CATEGORÍA
13:45	Sub 18-20 H
14:30	Abs e Sub 23 M
14:40	Abs e Sub 23 H

Art.10).- A responsabilidade das inscricións dos atletas corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- Inscricións fora de prazo:
 - o Deberán ser enviadas a direcciontecnica@atletismo.gal para a súa valoración:
 - Individuais: 10 € por atleta.
 - Clubs: 25 € por equipo.
- Calquera baixa nas 48 horas previas ao inicio da competición ou a non participación final, levará asociada o cobro da cota de inscrición xunto cunha sanción de 5€ por proba, salvo causa xustificada e acreditada por escrito á FGA a través do correo competicion@atletismo.gal antes de superadas as 48 horas dende o inicio da competición.

Art.11).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 16 de decembro de 2024

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo